





FONTES DO EUME

Adela Leiro, Mon Daporta
AGOSTO 2025



Distancia: 11 km
Dificultade: baixa



O río Eume fórmase coas augas dos regos Lamoso e das Toxeiras, que escoan da aba surlleste do Xistral, ao xuntárense na Veiga do Real, o fondo do val que se forma entre os cumes do Lamoso, o Salgueirño, Mariña do Real e Redondiño, polo norleste; e Coto Balsego, Revolta da Fame e Coto Redondo, polo suroeste.

Dentro do espazo protexido como LIC, ZEC e ZEPVA Serra do Xistral, e da Reservada da Biosfera Terras do Miño. A zona ten un especial interese polas curiosas formas da paisaxe creadas polas turbeiras e polo número de especies adaptadas ás características deste medio.





PERCORRIDO

Para facer este percorrido temos que achegarnos á Vacariza (Montouto, Abadín) desde Abadín, Muras ou Vilalba. Na Vacariza collemos a pista que vai á subestación eléctrica, onde podemos deixar o coche e comezar a camiñada. O percorrido trazado no mapa 11 km (circular), mais como o espazo é moi aberto podemos acurtalo ou facelo máis longo dependendo das gañas que lle botemos e do que vaíamos descubrindo ou atopando.



A Veiga do Real. Ao fondo o Lombo Longo.

As turbeiras ou tremoais son medios permanentemente saturados de auga nos que as condicións de asolagamento permanente provocan unha diminución do nivel de oxíxeno e a falta de actividade dos microorganismos descompoñedores que viven no solo, polo que as achegas de materia vexetal non se mineralizan e acumúlanse en forma de turba.

O Xistral, debido ás súas condicións de humidade e temperaturas frescas durante case todo o ano, contén o maior sistema de turbeiras de cobertura da Península Ibérica e dos mellores de Europa. Nalgúns puntos a turba acada os 3 m de espesor e, considerando a súa velocidade de formación, unha antigüidade de máis de 7.000 anos. Segundo os expertos, nas turbeiras do Xistral e do Cadramón atópanse o maior número de especies de brións (esfagnos) de toda a Península ibérica e 26 especies de plantas consideradas en perigo de extinción.

A Veiga do Real desde o Lombo Longo. Ao fondo os Altos do Fiuco





Breixo de turbeira (*Erica tetralix*).
Só se atopa en medios con alto
nivel de humidade.



Xuncas de algodón (*Eriophorum
angustifolium*), unha especie típica de
solos asolagados.






Brións (Esfagnos). No Xistral atópase a maior poboación de *Sphagnum pylaesi* da Península e unha das poucas que existen no mundo.



Rorela (*Drosera rotundifolia*). Unha planta carnívora típica de espazos asolagados pobres en nutrientes



Lagarta das brañas (*Zootoca vivipara*). Ten no Xistral unha das poucas localidades de presenza en Galiza.



Bolboreta (*Erebia epiphron xistralensis*). Endémica do Xistral.

Coenonympha glycerion, bolboreta de espazos húmidos e abertos

